

Das Secuencias Didácticas ás Situacións de Aprendizaxe

**DESEÑANDO
SITUACIÓNS DE
APRENDIZAXE**

Sofia Rama | Docente | IES Félix Muriel | 2025

Cambios no currículo LOMLOE

currículo competencial




O currículo debe xirar arredor do desenvolvemento das **competencias clave**.



O ensino **inclusivo** pasa a ser un principio fundamental.



As medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares serán conformes ao **DUA**.



As competencias

Unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes (...) aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoais, a súa empregabilidade, integración social, estilo de vida sostible, éxito na vida en sociedades pacíficas, modo de vida saudable e cidadanía activa. Estas desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, non formal e informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades. (Parlamento e Consello Europeos do 22 de maio de 2018)

COMPETENCIA



O concepto de "competencia" fai referencia á **aplicación** das aprendizaxes realizadas. Despregar unha competencia implica a capacidade para resolver exitosamente situacións e problemas, a través da activación e aplicación de coñecementos. É dicir, o enfoque competencial incide máis na necesidade de utilizar e aplicar os **contidos (coñecementos, destrezas e actitudes)** adquiridos para afrontar retos que na aprendizaxe descontextualizada de ditos contidos. Isto implica a activación e integración de aprendizaxes de distinta natureza que interactúan entre si.

SEGUNDO A LOMLOE

MULTILINGÜISMO

competencia clave

COÑECEMENTOS

- GRAMÁTICA
- VOCABULARIO
- USOS SOCIOCULTURAIS DA LINGUAXE
- REXISTROS
- INTERACCIÓNS

DESTREZAS

- COMPRENSIÓN ORAL
- COMPRENSIÓN ESCRITA
- EXPRESIÓN ORAL
- EXPRESIÓN ESCRITA
- INTERACCIÓN VERBAL

ACTITUDES

- INTERESE POR OUTRAS CULTURAS
- APRECIO POLA DIVERSIDADE
- RESPECTO POLO DIFERENTE
- ESCOITA ACTIVA
- DIÁLOGO CONSTRUTIVO

competencia
subxacente
común

hipótese de
inter-
dependencia

Situacións de aprendizaxe

Para lograr este proceso de cambio curricular é preciso favorecer unha visión **interdisciplinaria** e (...) o rol do persoal docente é fundamental, pois **debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe** que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que **os contidos están subordinados á acción.**

Decreto 156/2022 (Currículo ESO)

Situacións de aprendizaxe

“Son unha ferramenta eficaz para **integrar** os elementos curriculares das diferentes **áreas**, mediante **tarefas e actividades** significativas e relevantes para resolver problemas de xeito creativo e cooperativo, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade”.

Decreto 217/2022 (Currículo ESO)

Situacións de Aprendizaxe

“Situacións e actividades que implican actuacións por parte do alumnado destinadas ao desenvolvemento das competencias clave e das competencias específicas” (LOMLOE)

- Xiran arredor das **competencias** .
- Posúen un **enfoque construtivista** e autónomo.
- A **aprendizaxe é significativa, útil e secuenciada** .
- O **produto final**, a solución a resposta ao reto nunca é única. A **aprendizaxe é cooperativa, colaborativa e creativa**.
- O papel do profesor/a transfórmase en **docente** (guía).

Situacións de Aprendizaxe

- 1** MOTIVADORAS **Estímulo** inicial a partir de experiencias concretas.
- 2** CONTEXTUALIZADAS (ODS) Conexión coa realidade e a vida cotiá.
- 3** SIGNIFICATIVAS Conexión cos saberes relevantes previos. Precisa **cooperación**.
- 4** HOLÍSTICAS **Integración** nun todo, superando as partes.
- 5** INCLUSIVAS (DUA) Atención personalizada para atender a **diversidade**.
- 6** COMPETENCIAIS Desenvolvemento competencial do alumnado.
- 7** FLEXIBLES Utilización de diversos instrumentos para o ensino-aprendizaxe:
actividades, tarefas, secuencias didácticas...

Ciclo de aprendizaxe a través da experiencia (Kolb, 1984)

1

ESTÍMULO

Motivación

**Experiencias
concretas**

(INVESTIGACIÓN:
explorar)

2

DESENVOLVEMENTO

Investigación

**Observación
reflexiva**

(REFLEXIÓN:
estruturar)

Explicación

**Conceptualiza-
ción abstracta**

(COMPRENSIÓN:
analizar)

3

FINAL

Elaboración


**Experimentación
activa**

(PRODUCCIÓN:
aplicar)

Situación de aprendizaxe

- De onde vimos? (pdf)
 - Unha liña no tempo (SD1)
 - De Enheduanna a Rosalía (SD2)
 - De súbditas a cidadás (SD3)
 - Heroínas anónimas (SD4-LE)
 - Invisibilizadas (Proxecto)

[SCRIBD]



GUÍA DIDÁCTICA



1. PRESENTACIÓN

	IES FÉLIXMURIEL	DEPARTAMENTO LGL	2023-2024
	ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL		3ºESO-PDC
	2º TRIMESTRE		
TÍTULO	De onde vimos? De súbditas a cidadás		
PRODUTO FINAL	LIÑA DO TEMPO		
ODS			
PROXECTOS E PLANES DO IES FÉLIX MURIEL	Plan de Igualdade (Orientación). Ecofeminismo.	Plan de Normalización da Lingua Galega (EDLG). Ecolingüismo.	Proxecto Monte vivo. Ecoloxismo.

DESEÑO DUNHA SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

PASOS

1. Introducción

TÍTULO	
ETAPA	
CURSO	
MATERIA/MATERIAS	
TEMPORALIZACIÓN	
PRODUTO FINAL	
OBXECTIVOS DESENROLO SOSTIBLE	
PROXECTOS E PLANS DO IES FÉLIX MURIEL	

1. PRESENTACIÓN

	IES FÉLIXMURIEL	DEPARTAMENTO LGL	2023-2024
	ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL		3ºESO-PDC
	3º TRIMESTRE		
TÍTULO	<i>Cara a onde imos? Ecofeminismo, Ecolingüismo e Ecoloxismo</i>		
PRODUTO FINAL	MARCAPÁXINAS. 21 para o XXI		
ODS			
PROXECTOS E PLANS DO IES FÉLIX MURIEL	Plan de Igualdade (Orientación). Ecofeminismo.	Plan de Normalización da Lingua Galega (EDLG). Ecolingüismo.	Proxecto Monte vivo. Ecoloxismo.

DESEÑO DUNHA SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

PASOS

2. Xustificación

DESCRICIÓN	
VINCULACIÓN COA REALIDADE COTIÁ	
INTERESE PARA O ALUMNADO	
RETO OU PROBLEMA PARA RESOLVER	

DESCRICIÓN	Situación de aprendizaxe que xira arredor da emerxencia climática e as súas consecuencias para as mulleres e para as linguas, no contexto do 5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente; sinalando a necesidade de decrecer para subsistir. A finalidade da mesma é fomentar o compromiso cívico e social na procura dunha solución para crise climática. De aí o subtítulo en forma de resposta á pregunta enunciada no título: “Ecofeminismo, Ecolingüismo e Ecoloxismo” Está estruturada en catro secuencias didácticas e un proxecto do que sairá o produto final da mesma para celebrar o 5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente. • A primeira secuencia didáctica servirase da produción audiovisual para abordar os conceptos de ciberanzol, desinformación, calotes, ecofeminismo... e poder responder á pregunta: Como afecta o cambio climático ás mulleres? • A segunda secuencia didáctica servirase da explicación-exposición oral planificada con apoio de presentación informática para abordar conceptos relacionados coa socilingüística e o ecolingüismo, e poder responder á pregunta: Por que o cambio climático ameaza con arrasar moitas das linguas do planeta? • A terceira secuencia didáctica servirase da dramatización, a través da obra de Cándido Pazó, <i>O último roedor</i>, para abordar os conceptos de crise climática, decrecemento e ecoloxismo; e poder responder á pregunta: Decrecer para subsistir? • A cuarta secuencia didáctica servirase do debate sobre os obxectivos da axenda 2030: Podemos cambiar o rumbo do mundo?. (Lingua inglesa). • O proxecto final consistirá na creación dunha infografía (elaborada nas 5 linguas oficiais da Península Ibérica e na lingua estranxeira estudada polo alumnado do ALS), que recolla os obxectivos para acadar a sustentabilidade nas sociedades do século XXI. Posteriormente imprimirase como marcapáxinas e distribuirase entre os membros da comunidade educativa.
------------	---

VINCULACIÓN COA REALIDADE COTIÁ	✚ 17M, Día Internacional contra a Bi-Homo-Lesbo-Transfobia. ✚ 17M, Día das Letras Galegas ✚ 5X, Día Mundial do Medio Ambiente
INTERESE PARA O ALUMNADO	• Tomar conciencia da desigualdade histórica das mulleres e das persoas do colectivo LGBTI na nosa sociedade e aprender a enfrontar os calotes arredor da igualdade e a inclusión. • Tomar conciencia das razóns polas que existen os estereotipos e os prexuízos e ser quen de promover a normalización da lingua galega. • Tomar conciencia das consecuencias do consumismo fomentado polo neoliberalismo e ser quen de derrubar os argumentos negacionistas arredor da crise climática. • Coñecer os ODS e manifestar unha opinión argumentada arredor dos mesmos. • Participar no proxecto 21 para o XXI.
RETO OU PROBLEMA PARA RESOLVER	Cara a onde imos? • Quen somos? De onde vimos? Cara onde imos? • Como é a nosa sociedade? Estase a cumprir o lema <i>Liberdade, igualdade fraternidade</i>? • Como afecta o cambio climático ás mulleres? • Por que o cambio climático ameaza con arrasar moitas das linguas do planeta? • Debemos decrecer para poder subsistir? • Que obxectivos proporías para acadar a sustentabilidade nas sociedades do Século XXI?

DESEÑO DUNHA SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

PASOS 3. Concreción curricular

SABERES BÁSICOS	OBXECTIVOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	DESCRITORES OPERATIVOS (CCCC)

3. CONCRECIÓN CURRICULAR

SABERES BÁSICOS	OBXECTIVOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
1. Ciencias Sociais - Procura de información en contornas dixitais e uso específico de léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico e elaboración de traballos ou proxectos nos que se faga uso de mapas, gráficas, imaxes... - O comentario de documentos escritos e gráficos. Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes temas que se abordan no curso. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos e dos ciclos demográficos. - A distribución desigual de recursos e traballo. O emprego na sociedade actual. - O espazo natural, rural e urbano e a súa evolución en España e Galicia. - Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. - Organización política e económica das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. Cidadanía europea e cosmopolita. España e Galicia na UE.	OBX1 Identificar e comprender a natureza histórica das relacións sociais, das actividades económicas, das manifestacións culturais e dos bens patrimoniais materiais e inmateriais que compartimos, analizando as súas orixes e evolución e identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, os problemas actuais e os seus valores presentes, para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o desenvolvemento da sociedade. OBX2 Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española e das comunidades locais, destacando a contribución do Estado, as súas institucións e as entidades sociais á paz, á cooperación internacional, á cohesión social, á solidariedade territorial, ao desenvolvemento sustentable e á cidadanía global con base nos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, para contribuír a crear un mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto no que se recoñeza a conformación dunha realidade multicultural e se valore a contribución dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión evitando discriminacións e violencias. OBX3 Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas en que se manifestan, para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios.	CA1.2 - Identificar os elementos da contorna física e humana e analizar as súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación. CA1.3 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. CA1.4 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro. CA1.5 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais e o recoñecemento das súas expresións culturais. CA1.8 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade da sociedade multicultural actual recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. CA1.9 - Coñecer dereitos e deberes e actuar en favor da defensa dos valores constitucionais e democráticos. CA1.10 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

DESEÑO DUNHA SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

PASOS

3. Metodoloxía

PROPOSTAS PEDAGÓXICAS	
AGRUPAMENTOS	
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	
INTERDISCIPLINARIEDADE	

4. METODOLOXÍA

PROPOSTAS PEDAGÓXICAS	Desenvolvemento dunha metodoloxía activa a través do Tratamento Integrado de Linguas e o uso de Secuencias Didácticas con enfoque comunicativo para a organización e integración das tarefas. Ademais, desenvolvemento dun Proxecto arredor do 5X.
AGRUPAMENTOS	Adaptación do organigrama da aula segundo as características da tarefa final de cada secuencia didáctica. Na primeira SD traballarase individualmente, por arellas e en grupo-aula. Na segunda, individualmente e por parellas. Na terceira, en grupo-aula. Na cuarta, de xeito individual e/ou en dous grandes grupos. E, no proxecto, como grupo-aula.
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	• Flexibilidade na forma de traballar (as parellas e grupos que se organicen na aula atenderán ás necesidades de cada alumno/a). • Respecto polos diferentes ritmos de aprendizaxe (a Tarefa final de cada SD conta con dous niveis de dificultade). • Deseño dunha Tarefa de Reforzo e/ou Ampliación, no final de cada SD. • DUA: As tarefas finais das SD e o produto da SA serán diversos, distintos, segundo a solución que cada alumno/a ou cada grupo de alumnos/as dean ao reto presentado; mais o alumnado tamén deberá atender na súa creación ás necesidades diversas das persoas destinatarias, receptoras do seu discurso ou da súa obra. • Uso das novas tecnoloxías como apoio á información e á comunicación; pois proporcionan respostas diversas, flexibilidade, accesibilidade e versatilidade, permitindo deseñar e realizar múltiples actividades. • Interese en que o alumnado entenda o porqué / para que (motivación e implicación), o que (comprensión e representación) e o como (expresión e acción) do que está a aprender.
INTER-DISCIPLINARIEDADE	• Colaboración co equipo de Igualdade para o deseño e organización das actividades arredor do 8M. • Colaboración co ENDLG para o deseño e organización das tarefas arredor dos prexuízos lingüísticos. • Coordinación cos outros Departamentos Lingüísticos para, na medida do posible, abordar ao mesmo tempo desde todas as linguas os prexuízos sexistas e lingüísticos; así como os fenómenos producidos polo contacto entre linguas. • Coordinación co responsable do Proxecto Monte vivo para a sistencia a charlas arredor da Biocultura.

DESEÑO DUNHA SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

PASOS

4. Recursos

ESPAZOS	
MATERIAIS	
TEMPO	

5. RECURSOS

ESPAZOS	• Aula. • Sala do ENDLG. • Biblioteca • Patio e invernadoiro			
MATERIAIS	• Aula cunha boa conexión a internet. • Un portátil para cada alumno/a (cascos se fosen precisos). • Bolígrafos e folios en branco (ou con pauta se é necesario). • Un cartafol para gardar as producións realizadas en soporte papel. • Un EVA para aloxar a SA coas SD en formato dixital.			
INSTRUMENTOS	• Situación de Aprendizaxe • Secuencias Didácticas • Proxecto			
TEMPOS	3º trimestre			
	mes	semanas	sesións	instrumentos
	abril	2ª-3ª-4ª	27	SD1
	maio	1ª-2ª-3ª	27 +9	SD2 – SD4
	Maio-Xuño	4ª-5ª-1ª	27 +9	SD3 – SD4
	Xuño	2ª	9+3	PROXECTO
	Xuño	3ª	2	PROBA ESCRITA

DESEÑO DUNHA SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

PASOS

6. Produto final

PRODUTO	
EVIDENCIAS	

7. PRODUTO FINAL

PRODUTO	Infografía para marcapáxinas: 21 para XXI
EVIDENCIAS	• Infografía en soporte dixital • Marcapáxinas en soporte papel

DESEÑO DUNHA SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

PASOS

7. Tarefas

Tarefas	
SD	
Proxectos	

6. TAREFAS

SD1. <i>Ecofeminismo</i>	Introdución	• Intervencións orais espontáneas • Investigación • Produción audiovisual	• Diario de Aula • Listaxe de verificación • Rúbrica	80%
SD2. <i>Ecolingüismo</i>	Contextualización	• Intervencións orais espontáneas • Análise e comentario de viñetas • Produción de presentacións informáticas • Exposicións orais planificadas	• Diario de Aula • Rúbrica s	
SD3. <i>Ecoloxismo</i>	Contextualización	• Intervencións orais espontáneas • Investigación e produción textual • Dramatización	• Diario de Aula • Rúbrica • Listaxe de verificación	
SD4. <i>17 ODS para transformar o mundo</i>	Motivación	• Investigación • Argumentación • Produción textual: debate	• Diario de Aula • Rúbrica • Listaxe de verificación	
LECTURA GUIADA E FÓRA DA AULA	• <i>Frankenstein, Mary Shelley</i> • <i>Made in Galiza, Séchu Sende</i> • <i>O último roedor, Cándido Pazó</i>	• Uso de fragmentos das obras ao longo das SD • Coloquio arredor da lectura	• Listaxe de verificación	
PROXECTO <i>21 para XXI</i>	Motivación e Análise	21 para XXI consistirá na creación do produto final desta Situación de Aprendizaxe: unha infografía que se imprimirá e distribuirá en formato de marcapáxinas , cos obxectivos propostos para a sustentabilidade das sociedades do século XXI expresados nas linguas oficiais da Península Ibérica e na Lingua Estranxeira que cursa o alumnado no ALS (en soporte papel e dixital).	• Listaxe de verificación	10%
PROBA ESCRITA	Recompilación	Comprensión e produción escrita para avaliar o grao de consecución dos coñecementos e destrezas deste trimestre.	• Criterios de corrección	10%

DESEÑO DUNHA SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

PASOS 7. Secuencias didácticas, proxectos, tarefas, actividades...

SECUENCIAS DIDÁCTICAS	FINALIDADE E FASES	SABERES BÁSICOS
SD1. Quen somos Nós?	Introdución / INVESTIGACIÓN	Identidade. Lingua. Muller (Descrición)
SD2. Irmás na fala	Contextualización / REFLEXIÓN	Narrativa. Lingua. Muller (Narración)
SD3. Da terra asoballada	Contextualización /REFLEXIÓN	Poesía. Paisaxe. Lingua. Muller (Instrución)
SD4. En galego non mola!	Motivación /COMPRENSIÓN	Prexuízos. Lingua. Muller (Argumentación)
SD5. Ser muller non mola!	Motivación /COMPRENSIÓN	Maruxa Mallo (Exposición)
PRODUTO. E ti que opinas?	Análise /PRODUCCIÓN	Conferencia (Exposición-Argumentación)

DESEÑO DUNHA SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

PASOS

8. Avaliación

Tarefas	Instrumentos e procedementos de avaliación	Criterios de cualificación

8. AVALIACIÓN

- Formativa (infórmase ao alumnado de como vai ser avaliado e este debe autoavaliarse, coavaliarse e avaliar a práctica docente e a SdA).
- Continua (avaliase o proceso, non só o resultado e aténdese ás dificultades que xorden).
- Integradora (as tarefas serven para avaliar o grao de desenvolvemento de todas as competencias, así como o grao de consecución dos obxectivos).

RÚBRICA PARA AVALIAR A SA	INDICADORES				
	SOBRESALIENTE	NOTABLE	BEN	SUFICIENTE	INSUFICIENTE
SD1. <i>Ecofeminismo</i>					
SD2. <i>Ecolingüismo</i>					
SD3. <i>Ecoloxismo</i>					
SD4. <i>17 ODS (Inglés)</i>					
PROXECTO. <i>21 para XXI</i>					

Como afecta o cambio climático ás mulleres?

menú

Como afecta o cambio climático ás mulleres?

PRESENTACIÓN

No estás sola

Unha imaxe vale máis ca mil palabras

Como afecta o cambio climático ás mulleres?

AVALIACIÓN

GUÍA DIDÁCTICA

Como afecta o cambio climático ás mulleres?



Agnès Varda en *Os espigadores e a espigadora* (2000). Fotograma da película extraído de [Prime Video](#).



**Falando
enténdese a
xente?**

Situación de
Aprendizaxe.
LGL e Linguas
oficiais.
B1. As linguas
e os seus
falantes.

Cóntame un conto!

☰ Menú



Cóntame un conto!

SITUACIÓN

SECUENCIAS DIDÁCTICAS

ACTIVIDADES AUTÓNOMAS

PROBA

AVALIACIÓN

Créditos e descarga

Cóntame un conto!

Cóntame un conto!



Cóntame un conto!

Situación de
Aprendizaxe.
Arredor da creación
literaria e o mundo
“alén cova”.

LGL
Educación Literaria

Mariou



Probas competenciais

Aula Virtual
IES Félix Muriel

PROBA DE AVALIACIÓN
COMPETENCIAL INICIAL

(MODELO PAU)

LGL-2ºBACH
CURSO 2024-25
IES FÉLIX MURIEL
RIANXO



ALUMNA/O:

< 1 / 8 > 🔍 ⋮ ↗

Tarefas competenciais

- Indicações do processo que o alumnado deve realizar, que lle permitam autoavaliarse e ser autónomo.
- Integración de exercicios e actividades secuenciadas para chegar ao produto final.
- Desenvolvimento competencial integrado.
- Contextualización do produto final nunha práctica social.

1 Tarefa inicial **2** Tarefas posibilitadoras **3** Tarefa final

Probas compe- tenciais

Está ben contextualizada

A proba presenta unha situación ou problema inicial actual e contextualizada. A situación podería inserirse nos ODS.

É significativa

As tarefas son relevantes, útiles para o alumnado; son propedéuticas; e son auténticas, realistas, poderían sucederlle a calquera

Respecta os ciclos de aprendizaxe

As actividades e/ou tarefas posúen diferente nivel de complexidade

É flexible

As actividades e/ou tarefas presentan documentos de fontes diversas (prensa, blogs, chatGPT...) en diferentes formatos (texto, imaxe, gráfica...)

As preguntas requiren diversas formas de resposta (pechadas, semiabertas, abertas, construídas...)

Probas compe- tenciais

É inclusiva

A proba atende a diversidade (DUA) pois inclúe adaptacións para o alumnado que as precise e utiliza linguaxe inclusiva.

É competencial

A avaliación é integradora (avalíase o uso que o alumnado fai de todos os recursos.

A avaliación é continua (avalíase todo o proceso)

É formativa

O alumnado coñece previamente os criterios de avaliación, cualificación e os criterios de corrección.

É motivadora

A forma en que se presenta fomenta a aprendizaxe